

Concello de Foz

Expediente núm.: 86/2021

Procedemento: Exención nas taxas pola crise do COVID-19

DECRETO DA ALCALDÍA

VISTO que con data 25 de outubro do 2020 ditouse o Real Decreto 926/2020, no que se declaro o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio do 2021. Aprobado no Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro.

VISTO que a Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 8/2021 a data 26 de xaneiro do 2021 a, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

E a ORDE de 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola que se aplican as medidas dende as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, e estenderán a súa eficacia ata o 17 de febreiro do 2021.

VISTO o informe de intervención e tesourería do Concello de Foz a data 03/02/2021.

VISTO o Decreto 2021-0085 de data 03/02/2021 polo que se recollía a exención do pago das seguintes taxas:

- Taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos con finalidade lucrativa.
- Taxa por recollida de lixo. Afectará ás actividades suspendidas polo Real Decreto 8/2021, de 26 de febreiro do 2021 e a Orden da mesma fecha. Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados, e acreditarase mediante presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas. No caso de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederse á devolución correspondente.

VISTO o DECRETO 26/2021, de 15 de febreiro, polo que se modifica el Decreto 8/2021, de 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte a crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de





Concello de Foz

infecciones causadas polo SARS-CoV-2 e vista así mesmo a ORDE do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que as medidas previstas vanse manter ata as 00.00 horas do día 3 de marzo de 2021, sen prexuízo da su posible prórroga ou revisión previa.

Tendo en conta os antecedentes así como, o fundamentos xurídicos expostos no Decreto 2021-0085, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco e desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Manter as medidas recollidas no Decreto 2021-0085 de data 03/02/2021 ata a finalización da situación forzada polo DECRETO 26/2021, de 15 de febreiro, polo que se modifica el Decreto 8/2021, de 26 de xaneiro e pola Orde do 15 de febreiro de 2021 ditada pola Consellería de Sanidade.

SEGUNDO.- O disposto nos puntos anteriores, terá unha vixencia a contar dende o 17 de febreiro do 2021 ata a finalización da aplicación das medidas recollidas polo Goberno Autonómico de Galicia.

TERCEIRO.- Instar aos servizos do concello encargados de xestionar e recadar os tributos e prezos públicos que se recollen no punto anterior, incluídos no seu caso os concesionarios do concello de Foz, a que tomen as medidas oportunas para que non se proceda á súa liquidación nos períodos e supostos mencionados, ou de ser o caso que se inicien os trámites para a devolución de oficio de ser aboados con anterioridade.

E nomear ao recadador municipal para que leve a cabo a comprobación e resolución das solicitudes plantexadas e remita a información a empresa encargada da elaboración do padrón da recollida de lixo.

CUARTO.- Dar publicidade do presente acordo para xeral coñecemento e ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mandao e asinao, o Alcalde don Francisco Cajoto Caserio, no concello de Foz, en data de sinatura electrónica, ante min, a Secretaria accidental, aos efectos de fe pública segundo o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

ALCALDE,

A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN





CONCELLO DE
FOZ

Concello de Foz

FRANCISCO CAJOTO CASERIO

MARIA LUZ BALSA RABADE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

